



## **CONVOCATORIA E BASES PARA A CONCESIÓN DE 20 BOLSAS DE FORMACIÓN A DISTANCIA DO PROGRAMA “AULA MENTOR”. ANO 2022.**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

1.- É obxecto da presente convocatoria regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de 20 bolsas para sufragar ata o 50 % dos gastos de formación a distancia a través da plataforma “Aula Mentor” do Ministerio de Educación e Formación Profesional, en réxime de matriculación ordinaria (cursos de 2 meses).

2.- Teñen a consideración de gastos subvencionables os correspondentes á matriculación en accións formativas na modalidade de “teleformación” impartidas a través da plataforma “Aula Mentor”, realizados entre o 01/01/2022 e o 30/09/2022.

### **SEGUNDA.- CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.**

A contía global máxima para as subvencións reguladas nestas bases será de 480,00 euros, financiándose con cargo ao crédito orzamentario consignado na aplicación 241.48000 do orzamento municipal vixente.

Este importe será repartido entre as persoas beneficiarias segundo os criterios establecidos nestas bases e, con carácter complementario, polo regulado na Ordenanza municipal para a concesión de bolsas de formación a distancia do programa Aula Mentor do Concello de Porto do Son (Boletín Oficial da Provincia nº 217, de 15 de novembro de 2021).

### **TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS.**

1.- Poderán solicitar as axudas reguladas pola presente convocatoria as persoas maiores de 18 anos empadroadas no Concello de Porto do Son, inscritas como demandantes de emprego e matriculadas en accións formativas da “Aula Mentor”.

2.- Ademais das condicións detalladas no parágrafo anterior as persoas beneficiarias deberán:

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Porto do Son.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non atoparse incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **CUARTA.- PROCEDEMENTO.**

As axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva.

De non ser preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, o outorgamento das axudas tramitarase por procedemento abreviado, conforme ao previsto no art. 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **QUINTA.- SOLICITUDE.**

1.- O procedemento de concesión das subvencións iniciarase a solicitude das persoas interesadas, axustada ao modelo previsto no **anexo I**, xunto coa seguintes documentación:

1. Copia do DNI.
2. Certificación ou informe da Oficina de Emprego no que conste a antigüidade da persoa solicitante como demandante de emprego.





O Concello de Porto do Son comprobará de oficio que a persoa solicitante figura empadroada no Concello de Porto do Son á data de remate de presentación das solicitudes.

2.- As solicitudes de outorgamento de subvencións presentaranse no Rexistro Municipal, dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP e ata o 30 de setembro de 2022. O prazo para a presentación de solicitudes poderá ampliarse por motivos xustificadas.

Así mesmo, poderán aprobarse novas convocatorias destas axudas ata esgotar o crédito orzamentario consignado.

3.- Para o caso de advertirse defectos, erros ou ausencia de documentación nas solicitudes, requirirase á persoa solicitante para a súa subsanación, concedéndolle un prazo de 10 días, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### **SEXTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.**

1.- A comisión de valoración emitirá un informe de avaliación das seguindo os criterios que a continuación se sinalan:

- a. Antigüidade como demandante de emprego:
  - Persoa desempregada con menos de 6 meses de antigüidade: 1 punto.
  - Persoa desempregada con 6 ou máis meses de antigüidade: 2 punto.
- b. Idade:
  - Persoas maiores de 30 anos: 1 punto.
  - Persoas de entre 18 e 30 anos: 2 punto.

2.- A puntuación final virá dada pola suma da obtida pola persoa solicitante nos diferentes apartados.

En caso de empate na puntuación outorgada a varias solicitudes, atenderase á orde de presentación no Rexistro Xeral.

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO.**

1.- A instrución do procedemento correspóndelle a un técnico da Unidade de Emprego do Servizo de Promoción Económica ou, carecendo de medios humanos, a un/unha traballador/a doutra área relacionada.

O órgano instrutor analizará as solicitudes, emitindo informe relativo ás solicitudes que compren os requisitos para poder ser persoas beneficiarias da subvención, o cal trasladará á comisión avaliadora.

2.- A comisión avaliadora, será nomeada por resolución da Alcaldía e estará composta polos seguintes membros:

- Presidente.
- Dous Vogais
- Un secretario/a.

A Comisión avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas conforme aos criterios de valoración establecidos nestas bases e emitirá informe sobre a concesión das bolsas.

Á vista do expediente e do informe da comisión, o Instrutor formulará proposta de concesión provisional debidamente motivada e deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle concede a axuda, ordenados en función da puntuación





obtida, indicando o importe da axuda concedida, e a relación de solicitudes desestimadas, se fose o caso, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- O órgano competente para a resolución do procedemento é a Alcaldía, á vista da proposta do/a instrutor/a.

4.- Todos os actos relativos a este procedemento que así o requiran, serán obxecto de publicación na páxina web e na Sede Electrónica do Concello de Porto do Son.

#### **OITAVA.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

1.- A Alcaldía, a proposta do/a instrutor/a do procedemento e previo o informe de fiscalización da Intervención municipal, resolverá sobre a concesión das subvencións.

2.- O importe da subvención outorgada non superará o 50 % do total do custo da acción formativa (na modalidade de matrícula básica / 2 meses / 48 euros) e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

3.- A proposta de concesión provisional das axudas será publicada na páxina web e na Sede Electrónica do Concello de Porto do Son, de acordo cos efectos previsto no artigo 45,1,b) da normativa reguladora do procedemento administrativo común. As persoas interesadas poderán formular as alegacións, que estimen oportunas á proposta de concesión provisional no prazo máximo de dez días hábiles, as cales serán resoltas previo informe da comisión avaliadora.

4.- A resolución de concesión definitiva, que deberá dar resposta ás posibles alegacións presentadas, porá fin á vía administrativa, podendo interpor ante o órgano competente, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes. Entendese desestimado o recurso se transcorrido o prazo dun mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo nos termos da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

5.- O prazo máximo para resolver o procedemento non poderá exceder de 6 meses contando dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O transcurso de dito prazo sen resolución expresa implicará a desestimación da solicitude.

6.- As axudas concedidas serán obxecto de publicación na páxina web municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **NOVENA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.**

1.- As persoas beneficiarias da subvencións están obrigadas a:

- Realizar un dos cursos, a elección da persoa beneficiaria, dos que oferta o Ministerio de Educación e Formación Profesional, a través da plataforma "Aula Mentor" (<http://www.aulamentor.es>) e superalo satisfactoriamente (na modalidade de matrícula básica / 2 meses / 48 euros).
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo concello.
- Someterse ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos públicos e/ou privados que financien as actividades





subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Facilitar tanta información sexa requirida polo concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.
- Acreditar que está ao corrente das súas obrigas fiscais co concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

2.- O incumprimento dalgunha destas obrigas ou a falsidade dos datos achegados coa solicitude poderán dar lugar á suspensión do pago da subvención ou ao seu reintegro.

#### **DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS**

1.- O importe da bolsa deberá xustificarse antes do 30 de novembro do ano en curso.

2.- A xustificación realizarase coa presentación da seguinte documentación:

- A. Declaración responsable que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida, indicando cada unha delas e o seu custo (**anexo 2** das bases).
- B. Declaración responsable de que a persoa beneficiaria está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (**anexo 2** das bases).
- C. Declaración responsable detallando as axudas, subvencións ou ingresos obtidos para o financiamento da actividade e acreditación de que a súa suma non superou o importe total dos gastos (**anexo 2** das bases).
- D. Documentos xustificativos dos gastos realizados:
  - o Facturas que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación.
  - o Xustificantes de gasto, expedidos en documentos válidos en dereito, que acrediten a realización da actividade obxecto da subvención.Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada o faga aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento válido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención.
- E. Documentos que acrediten o pagamento efectivo dos gastos xustificados por algún dos seguintes medios:
  - o Transferencia bancaria: copia do extracto no que conste o número, entidade bancaria e data.
  - o Talón bancario: copia onde conste número de serie, entidade bancaria e data.
  - o Pago en metálico, con carácter excepcional e para pagos de ata 1.000 euros: “recibín” do perceptor no que conste o seu nome, NIF, domicilio, conformidade do provedor e sinatura.
- F. Certificación acreditativa de ter superado unha acción formativa na “Aula Mentor” dentro do prazo establecido nestas bases.

Os documentos deberán ser **orixinais** ou tratarse de **copias compulsadas**.





3.- Non se admitirán xustificantes que non teñan relación directa con gastos derivados de actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron os seus importes nin que as súas datas non se correspondan co previsto nestas bases.

4.- De non xustificarse a subvención antes do 30 de novembro, entenderase que a persoa beneficiaria desiste da súa petición e iniciarase o expediente de anulación do compromiso de gasto ou para o reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei e demais disposicións de réxime local.

#### **UNDÉCIMA.- COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.**

O coeficiente de financiamento das subvencións reguladas nestas bases é do 0,50 e ten carácter fixo.

#### **DUODÉCIMA.- PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS**

1.- A aprobación da xustificación presentada polas persoas beneficiarias e a ordenación do pago da subvención corresponderalle ao Alcalde- Presidente, previa fiscalización da Intervención.

2.- O pagamento das subvencións efectuarase, con carácter xeral, logo de aprobarse a súa xustificación e efectuarase mediante ingreso na conta designada pola persoa beneficiaria.

3.- Cando a persoa beneficiaria sexa debedor da Entidade Local, poderase efectuar a compensación do importe da subvención coas débedas da persoa beneficiaria.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- REINTEGROS.**

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.**

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes.

#### **DÉCIMO QUINTA.- DISPOSICIÓN FINAL.**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Ordenanza municipal para a concesión de bolsas de formación a distancia do programa Aula Mentor do Concello de Porto do Son (Boletín Oficial da Provincia nº 217, de 15 de novembro de 2021), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2022.

\*\*\*\*





**MODELO DE SOLICITUDE**

**(Anexo 1)**

**Subvención:** BOLSAS PARA FORMACIÓN A DISTANCIA. AULA MENTOR. Ano 2022.

Nome:	NIF:
Enderezo:	
Tlf:	Correo electrónico:

En relación co procedemento de concesión de subvencións polo Concello de Porto do Son que se indica,

**EXPÓN:**

Que reúne os requisitos para o outorgamento dunha axuda ao abeiro da convocatoria "Bolsas de formación a distancia do programa Aula Mentor" e DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1. Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
2. Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas débedas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Porto do Son e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a resolución do expediente.
3. Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Porto do Son poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se destina a subvención, no caso de outorgarse, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Polo exposto, **SOLICITA**:

O outorgamento dunha bolsa para o financiamento de accións formativas a distancia do programa "Aula Mentor" do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Porto do Son, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.

Asinado.





**DECLARACIÓN RESPONSABLE E CONTA XUSTIFICATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN DA  
AXUDA**

**(Anexo 2)**

**Subvención:** BOLSAS PARA FORMACIÓN A DISTANCIA. AULA MENTOR. Ano 2022.

Nome:	NIF:
Enderezo:	
Tlf:	Correo electrónico:

En relación co procedemento de concesión de subvencións polo Concello de Porto do Son que se indica,

**1º.- DECLARO DE XEITO RESPONSABLE:**


a) Que se cumpriu a finalidade para a que foi outorgada a subvención, realizándose as actividades que se indican a continuación:

Actividade formativa	Custo

b) Que para a realización das actividades subvencionadas polo Concello de Porto do Son (márquese o que proceda):

- Non se solicitou nin obtivo ningún outro ingreso procedente de entidades públicas ou privadas.
- Solicitáronse e obtivéronse ingresos doutras entidades públicas ou privadas.

c) Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Concello de Porto do Son e coa Seguridade Social.





**2º.- QUE PRESENTO A SEGUINTE CONTA XUSTIFICATIVA:**

**1.- Relación de xustificantes de gasto:**

Descrición	Terceiro	Nº xustificante	Importe

**2.- Relación de ingresos (de existir):**

Entidade concedente/ Tipo de ingreso	Importe

**3.- DECLARACIÓN SOBRE O IVE:**

a) Que NON/ SI presento declaración do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

b) Que os importes abonados en concepto de IVE NON/ SI son recuperables nin compensables.

Porto do Son, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.

Asinado.

